



CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E O CONSELLO GALEGO DE CÁMARAS, POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA ENCOMENDA DE XESTIÓN DE COLABORACIÓN TÉCNICA NA VALORACIÓN OBXECTIVA DAS SOLICITUDES DE INCLUSIÓN NO PLAN AUTONÓMICO DE IMPULSO E ACELERACIÓN DE PROXECTOS INDUSTRIAIS, PARA A DECLARACIÓN COMO PROXECTOS INDUSTRIAIS ESTRATÉXICOS E PROXECTOS DE INTERESE AUTONÓMICO E PARA A TRAMITACIÓN CONXUNTA DE PROXECTOS INDUSTRIAIS ESTRATÉXICOS E PROXECTOS DE INTERESE AUTONÓMICO

No lugar e data indicados na sinatura dixital.
(09.01.2026)

REUNIDOS

Dunha parte, _____, en nome e representación da Consellería de Economía e Industria, co NIF _____ e domicilio en Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15704, Santiago de Compostela, na súa calidade de conselleira. Está facultada para este acto en virtude do Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria (DOG núm. 101, do 27 de maio).

Doutra parte, _____ en nome e representación do Consello Galego de Cámaras, co NIF _____ e domicilio na rúa _____. Comparece na súa calidade de presidenta da citada corporación, actuando en nome e representación da dita entidade, en virtude do seu nomeamento como presidenta por acordo do Pleno do Consello na súa sesión celebrada o 2 de xuño de 2023.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e

EXPOÑEN

I.- A Consellería de Economía e Industria é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponde o exercicio, entre outras, das funcións en materia de promoción e dinamización da economía, impulso e coordinación da política económica e industrial, apoio ao sector empresarial e mellora da competitividade das empresas.

II.- O Consello Galego de Cámaras créase no artigo 49 da Lei 5/2004, do 8 de xullo, de Cámaras oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia (DOG núm. 140, do 21 de xullo), como corporación de dereito público con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar, na súa calidade de organismo de representación, relación e coordinación das cámaras e como órgano consultivo e colaborador da Xunta de Galicia e das administracións públicas en xeral. Entre as súas funcións está a de colaborar coa administración autonómica nos supostos en que sexa requirido por esta, emitindo informes ou realizando estudos, proxectos, traballos e accións en materia de comercio, industria ou navegación que afecten o conxunto da Comunidade Autónoma. Nos supostos e coas condicións e alcance que estableza a Administración autonómica, corresponderalle colaborar, se é o caso, na tramitación de programas públicos de axudas ás empresas, na xestión de servizos públicos e no desempeño das funcións administrativas que se lle encomenden.

Por outra banda, segundo establece o artigo 5.2 da Lei 5/2004, do 8 de xullo, a Administración autonómica poderalles encomendar ás cámaras a realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da súa competencia cando razóns de eficacia ou de carencia de medios técnicos idóneos para o seu desempeño así o aconsellen. A encomenda de xestión formalizarase a través dun convenio entre a administración da Comunidade Autónoma e a cámara ou cámaras afectadas no que se fará constar a actividade ou actividades obxecto da encomenda, o prazo de vixencia desta, a natureza e alcance da xestión encomendada e, se é o caso, os medios económicos que se habilitan por ambas partes.

III.- O artigo 78 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro (DOG núm. 128, do 9 de xullo), establece que poderán ser declaradas polo Consello da Xunta como proxectos industriais estratéxicos, con excepción dos proxectos regulados na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, aquelas iniciativas empresariais que se considere que teñen tal carácter pola súa función no desenvolvemento, implantación ou execución da política industrial autonómica e a súa incidencia económica ou social, sempre que cumpran, cando menos, dous dos seguintes requisitos:

- a) Que supoñan un volume de investimento mínimo de 20 millóns de euros.
- b) Que supoñan unha creación de emprego mínimo de cen postos de traballo directos, baixo a modalidade de contrato indefinido e computados a xornada completa.
- c) Que complementen cadeas de valor ou que pertencen a sectores considerados estratéxicos e estean aliñados cos obxectivos da Unión Europea ou que se integren no financiamento "instrumento temporal de recuperación europea Next Generation EU".

A Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas modificou o Decreto Legislativo 1/2015 introducindo o artigo 78 bis e modificando o artigo 67.

En primeiro lugar, o artigo 78 bis establece que *"poderán ser tamén declarados como proxectos industriais estratéxicos, con excepción dos proxectos regulados na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, aqueles proxectos industriais para os cales, sen cumpriren os requisitos establecidos no artigo 78, se estime de forma xustificada que teñen un interese e unha incidencia cualificada para o desenvolvemento ou execución da política e o tecido industriais galegos, e que pola súa magnitude ou características teñen unha incidencia territorial, económica e social que transcenda o ámbito municipal, de tal forma que se consideren portadoras dun interese supramunicipal cualificado.*

2. Para valorar o interese e a incidencia cualificada dos proxectos industriais previstos neste artigo para o desenvolvemento ou execución da política e o tecido industriais galegos, para os efectos da súa declaración como estratéxicos, teranse especialmente en conta, entre outros factores que caractericen o proxecto ou a cadea de valor do sector industrial afectado, os seguintes:

- a) A súa inserción e coherencia cos instrumentos en que se desenvolva a política industrial galega.*
- b) O impacto positivo que a súa execución comporte nun sector específico do tecido industrial galego.*
- c) A mellora da competitividade da industria galega.*
- d) A promoción da internacionalización e da atracción de investimentos no tecido empresarial galego e a necesidade de evitar a deslocalización empresarial.*
- e) As necesidades derivadas da promoción das pequenas e medianas empresas.*
- f) A cohesión social, o equilibrio territorial e a creación e o mantemento de postos de traballo de calidade.*
- g) A susceptibilidade de o proxecto ser financiado con fondos comunitarios.*

3. En todo caso, para os efectos da súa declaración como estratéxicos, os proxectos previstos neste artigo deberán cumprir os seguintes requisitos mínimos:

- a) Que supoñan unha creación de emprego mínima de 25 postos de traballo, baixo a modalidade de contrato indefinido e computados a xornada completa.*

Para estes efectos, computaranse tamén os empregos indirectos xerados nas actividades auxiliares ao proxecto industrial, sempre que na solicitude prevista no artigo 79 quede debidamente xustificada a súa futura creación.

b) Que supoñan un investimento no proxecto industrial superior a dous millóns de euros, en activos fixos, excluídos os terreos, de acordo co proxecto presentado na solicitude.

c) Que se acredite a titularidade do solo onde se vai implantar o proxecto ou o acordo coas persoas titulares deste, agás que o proxecto se vaia implantar en solo empresarial promovido por entidades do sector público autonómico que teñan entre os seus obxectos a creación de solo empresarial, nas condicións establecidas pola normativa sectorial. Este requisito non será exixible nos casos en que se tramite conxuntamente un proxecto de interese autonómico para a creación de solo empresarial e o proxecto industrial estratéxico, de acordo co establecido no capítulo IV deste texto refundido.”

En segundo lugar, a nova redacción do artigo 67 define o plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais como un instrumento que se integra na estratexia da política industrial, dirixido a impulsar e facilitar a implantación e ampliación de determinados proxectos industriais na Comunidade Autónoma de Galicia e reducir os seus prazos, tendo en conta a súa relevancia e interese no marco da indicada política industrial.

Para a determinación dos proxectos industriais que se poderán incluír no dito plan, estarase ao disposto no artigo 68, que establece dúas vías de acceso:

a) Os proxectos industriais estratéxicos, unha vez que sexan declarados como tales, de acordo co previsto no capítulo III do título III. Neste caso a inclusión dos proxectos no plan será efectuada de oficio, unha vez que sexa declarado o seu carácter estratéxico.

b) Os proxectos industriais que, sen cumpriren os requisitos establecidos para os proxectos industriais estratéxicos, se inclúan neste plan por considerarse que, polas súas características, teñen un interese e unha incidencia cualificada para o desenvolvemento ou execución da política industrial galega e o tecido industrial galego.

No caso destes proxectos, o investimento previsto deberá ser superior a 800.000 euros en activos fixos, excluídos os terreos, de acordo co proxecto presentado na solicitude de inclusión no plan.

Adicionalmente, para valorar o interese e incidencia cualificada dos proxectos industriais para o desenvolvemento ou execución da política industrial e o tecido industrial de Galicia, aos efectos da súa inclusión no plan autonómico de impulso e aceleración, teranse especialmente en conta, entre outros factores que poden estar presentes na execución dos proxectos, os mesmos que se recollen no punto anterior para os proxectos industriais

estratéxicos do artigo 78 bis do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de política industrial.

IV.- A Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, establece no seu artigo 41 que o Consello da Xunta de Galicia poderá declarar como proxectos de interese autonómico aqueles nos que se fundamente e motive:

a) Que as actuacións previstas transcendan o ámbito municipal pola súa incidencia territorial, económica, social ou cultural, pola súa magnitude ou polas súas singulares características, que as fagan portadoras dun interese supramunicipal cualificado, sen que sexa suficiente xustificación a súa situación en terreos de varios termos municipais.

b) Que as actuacións previstas posúan unha función vertebradora e estruturante do territorio, de impulso e de dinamización demográfica, ou que sirvan para desenvolver, implantar ou executar políticas sectoriais previstas na lexislación sectorial, ou que a declaración de interese autonómico é necesaria para garantir a adecuada inserción no territorio das actuacións que constitúen o seu obxecto, a súa conexión coas redes e servizos correspondentes sen menoscabo da funcionalidade dos existentes ou a súa adaptación ao contorno no que se localicen.

V.- Pola súa banda, o capítulo IV do Título III do Libro II do Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, prevé a tramitación conxunta de proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial e proxectos industriais estratéxicos sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que as áreas nas que se pretenda a creación de solo empresarial non estean incluídas no Plan Sectorial de Áreas Empresariais de Galicia.

b) Que consonte o artigo 8.1.c) da Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia, e as previsións da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, o instrumento de ordenación do territorio aplicable para a creación do solo empresarial sexa un proxecto de interese autonómico, de tipo non previsto.

c) Que as persoas ou entidades promotoras do proxecto de interese autonómico para a creación do solo empresarial vinculado teñan carácter privado, sen prexuízo da posibilidade de participación pública minoritaria contemplada no artigo 96.

d) Que o ámbito territorial do proxecto de interese autonómico, necesario para a creación do solo empresarial vinculado, abranga e exceda o ámbito territorial da iniciativa ou iniciativas que pretendan ser cualificadas como proxectos industriais estratéxicos, e respecto das cales se solicita a tramitación conxunta.

e) Que no ámbito territorial do proxecto de interese autonómico, unha vez excluídos os terreos necesarios para a execución dos amentados proxectos industriais estratéxicos,

exista un remanente de solo empresarial susceptible de albergar iniciativas empresariais futuras, así como as dotacións públicas preceptivas.

f) Que na tramitación conxunta das iniciativas de creación de solo empresarial vinculado e do proxecto ou proxectos industriais estratéxicos concorra un interese autonómico, que transcenda o ámbito municipal pola súa incidencia territorial, económica ou social, pola súa magnitude ou polas súas singulares características que as fagan portadoras dun interese supramunicipal cualificado.

VI.- Por todo o dito, tanto as figuras dos proxectos industriais estratéxicos (PIE) e dos proxectos de interese autonómico (PIA) como a nova figura de tramitación conxunta de proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial e proxectos industriais estratéxicos, así como os proxectos a incluír no plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais, precisan da valoración do impacto e carácter estratéxico para a economía galega das solicitudes recibidas.

VII.- O artigo 18 do Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria, establece entre as funcións da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético a tramitación, como órgano substantivo, dos procedementos de aprobación e autorización da implantación dos proxectos industriais estratéxicos, dos proxectos de interese autonómico de carácter industrial, os proxectos incluídos dentro do Programa de impulso e aceleración de proxectos industriais, así como doutros proxectos industriais, de acordo coa normativa vixente.

VIII.- Entre os medios que a Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia recolle para a realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dos órganos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou das entidades de dereito público dependentes dela, por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios idóneos para o seu desempeño, atópase a encomenda de xestión intersubxectiva entre administracións públicas e entidades públicas, que se articulará por medio de convenios interadministrativos de colaboración. A Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético da Consellería de Economía e Industria non conta cos medios humanos axeitados para a realización das tarefas obxecto da encomenda, constituíndo as Cámaras de Comercio, Industria e Navegación, polas atribucións que teñen asignadas pola normativa vixente e o carácter eminentemente técnico das funcións que realizan, as entidades idóneas para a execución das citadas tarefas.

Por todo o exposto, ambas partes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O obxecto do presente convenio é instrumentar e regular as condicións específicas que rexerán a encomenda de xestión da Consellería de Economía e Industria ao Consello Galego de Cámaras para o desenvolvemento das actividades técnicas necesarias na realización das seguintes tarefas:

1. O apoio técnico na valoración do cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 78 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro. En particular, a obxectivación da información que acredite o cumprimento do criterio c) *“Que complementen cadeas de valor ou que pertencen a sectores considerados estratéxicos e estean aliñados cos obxectivos da Unión Europea ou que se integren no financiamento “instrumento temporal de recuperación europea Next Generation EU”*. Prestarán o seu asesoramento experto, de acordo co previsto na citada norma, expoñéndolle á Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético a súa apreciación técnica sobre a concorrencia destes extremos no correspondente expediente.

2. O apoio técnico na valoración do cumprimento dos criterios establecidos nos artigos 68.b) e 78 bis do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, para a inclusión no plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais e para a declaración como proxectos industriais estratéxicos, respectivamente.

En particular, a obxectivación da información que acredite *“o interese e incidencia cualificados para o desenvolvemento da política industrial galega e o tecido industrial galego”*. Para esta valoración terase especialmente en conta o disposto nos artigos 69 e 78 bis.2).

3. Para todos os proxectos incluídos nos dous apartados anteriores, adicionalmente, o apoio técnico no estudo, análise e avaliación da documentación que forma parte do expediente, trasladando á Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético un informe comprensivo da relación de trámites e autorizacións sectoriais, con referencia á normativa na que se fundamenta, aos que deberán someterse os proxectos para a súa aprobación.

4. Para os efectos da declaración de proxectos de interese autonómico, apoio técnico na valoración da función vertebradora e estruturante do territorio, de impulso e de dinamización demográfica, así como da incidencia territorial, económica, social ou

cultural, a súa magnitude ou singulares características, que fagan un proxecto acredor dun interese supramunicipal cualificado, non só porque a súa situación sexa en máis dun concello. O apoio concretarase nun pronunciamento estritamente técnico, logo da análise de todas as variables que concorran, que lle permitan á Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético avaliar o impacto dun proxecto en termos económicos e sociais no seu entorno.

Asemade, o apoio técnico referirase ao estudo, análise e avaliación da documentación que forma parte do expediente, trasladando á Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético un informe comprensivo da relación de trámites e autorizacións sectoriais, con referencia á normativa na que se fundamenta, aos que deberán someterse os proxectos para a súa aprobación.

5. Respecto á tramitación conxunta de proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial e proxectos industriais estratéxicos, apoio técnico na valoración do cumprimento dos requisitos para acceder á tramitación conxunta, segundo o establecido nos artigos 92 e 93 do Decreto Legislativo 1/2015. Asemade, de conformidade co artigo 101.1, incluírase unha motivación expresa e individualizada sobre a procedencia da declaración de interese autonómico que se aterá ao previsto no artigo 41 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro. Unha vez admitidas a trámite, apoio técnico nos termos establecidos nos puntos anteriores para os proxectos industriais estratéxicos (PIE).

As tarefas que realizarán as cámaras cínxense a unha achega estritamente técnica, na súa calidade de experto nas materias obxecto da encomenda. A avaliación e verificación final do cumprimento de requisitos será efectuada pola Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético da Consellería de Economía e Industria, quen adoptará as decisións e acordos que procedan en Dereito.

Segunda.- Xustificación da utilización da figura do convenio de encomenda de xestión.

Motívase a utilización da figura do convenio de encomenda de xestión en que o Consello Galego de Cámaras é un órgano consultivo e colaborador da Xunta de Galicia e das administracións públicas en xeral. Entre as súas funcións está a de colaborar coa Administración autonómica nos supostos nos que sexa requirido por esta, emitindo informes ou realizando estudos, proxectos, traballos e accións en materia de comercio, industria ou navegación que afecten ao conxunto da Comunidade Autónoma. Nos supostos e coas condicións e alcance que estableza a Administración autonómica, corresponderalle colaborar, se é o caso, na tramitación de programas públicos de axudas ás empresas, na xestión de servizos públicos e no desempeño das funcións administrativas que se lle encomenden.

A encomenda de xestión non supón a cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, e será responsabilidade do órgano encomendante ditar cantos actos ou cantas resolucións de carácter xurídico lle dean soporte á concreta actividade material obxecto de encomenda ou aqueles nos que esta se integre.

Este convenio executarase a través das distintas Cámaras de Comercio que integran o Consello Galego de Cámaras. As Cámaras de Comercio poderán colaborar entre elas na realización das tarefas recollidas na cláusula primeira.

Terceira.- Obrigas da Consellería de Economía e Industria

- Ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integran as actividades encomendadas na cláusula primeira, logo da súa supervisión e control.

- Supervisar que as actividades sexan desenvolvidas de acordo coas estipulacións do presente convenio e ditar as instrucións que se estimen precisas para a referida colaboración.

- Poñer a disposición do Consello Galego de Cámaras os materiais e medios técnicos necesarios e a documentación técnica e divulgativa de apoio que lle sexa requirida para o axeitado desenvolvemento desta colaboración. O persoal técnico da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético colaborará e asesorará ao persoal adscrito polo Consello Galego de Cámaras nesta colaboración para as explicacións, trámites ou xestións que lles soliciten.

- Achegar a cantidade máxima de 148.700 euros para sufragar os gastos ocasionados polas actividades encomendadas, e sempre cunha finalidade compensatoria dos mesmos, de acordo co establecido na cláusula quinta.

O Consello Galego de Cámaras carece de ánimo de lucro na realización das actuacións obxecto do convenio, polo que a contribución pecuniaria responde a unha compensación dos gastos que terán que soportar co fin de executar o convenio de forma efectiva.

- Coordinar, desde o punto de vista técnico, os traballos para a realización e desenvolvemento das accións e actuacións obxecto deste convenio, de maneira que se complementen cos traballos levados a cabo polo persoal da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético.

- Designar unha persoa técnica como coordinadora, coa función de certificar a entrega dos informes e a súa adecuación ás estipulacións do presente convenio.
- Remitir á persoa coordinadora designada polo Consello Galego de Cámaras aquela documentación que sexa necesaria sobre o expediente que corresponda, para a súa valoración técnica.

Cuarta.- Obrigas do Consello Galego de Cámaras.

- Remitir á Consellería de Economía e Industria a través da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, as valoracións e análises técnicos elaborados polas Cámaras de Comercio acoutados ás consultas que corresponda para cada expediente, nun prazo máximo de 15 días hábiles. Cando circunstancias debidamente acreditadas o xustifiquen, a Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético poderá conceder, a solicitude do Consello Galego de Cámaras, unha ampliación do prazo por 5 días hábiles máis.
- Observar os principios de confidencialidade da documentación técnica e divulgativa de apoio que lle sexa facilitada pola Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético para o axeitado desenvolvemento desta colaboración.
- Designar unha persoa coordinadora, responsable de xestionar a documentación remitida pola Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, para valoración e análise solicitados, sendo o interlocutor se fose preciso complementar ou aclarar a documentación remitida.

Quinta.- Xustificación e pagamento das contribucións da Consellería de Economía e Industria.

1. A Consellería de Economía e Industria achegará para o financiamento do custo das accións previstas no presente convenio un importe total máximo de cento corenta e oito mil setecentos euros (148.700 euros). Esta cantidade será aboada con cargo aos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2026, nos que se dotará crédito axeitado e suficiente para financiar ata o 100% esta achega, conforme á partida orzamentaria 09.02.732A.640.8.

En todo caso, a eficacia do convenio queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

2. O anterior importe calculouse considerando os seguintes custos unitarios:



Tipoloxía	Custo unitario do informe	Informes	Custo total
PIE >100M€	8.100 euros	3	24.300 euros
PIE 30-100M€	6.400 euros	5	32.000 euros
PIE 2-30M€	5.200 euros	9	46.800 euros
Plan autonómico de impulso e aceleración	2.900 euros	4	11.600 euros
PIA industrial	1.800 euros	6	10.800 euros
Tramitación conxunta	2.900 euros	8	23.200 euros

3. A contribución da Consellería de Economía e Industria en concepto de compensación de gasto, será aboada en función dos informes presentados polo Consello Galego de Cámaras á Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, sendo 148.700 euros o importe máximo total desta partida.

4. No caso da tramitación conxunta de proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial e proxectos industriais estratéxicos a contribución da Consellería de Economía e Industria consistirá na cantidade que se especifica no cadro anterior en concepto de "tramitación conxunta" para un informe técnico previo á admisión a trámite da solicitude sobre:

- O cumprimento dos requisitos para acceder á tramitación conxunta establecidos nos artigos 92 e 93 do Decreto legislativo 1/2015.
- A procedencia da declaración de interese autonómico da iniciativa de creación de solo empresarial vinculado

Unha vez admitido a trámite a compensación de cada proxecto resultará da suma dos importes correspondentes ao/aos PIE que corresponda en función do investimento.

5. Para a xustificación da realización da actividade encomendada, o Consello Galego de Cámaras presentará á Secretaria Xeral de Industria, con data límite o 15 de decembro de 2026, a seguinte documentación:

a) Memoria descritiva das funcións desenvolvidas, os medios empregados e o número de informes de cada tipoloxía elaborados durante a vixencia do convenio.

b) Informes definitivos elaborados durante a vixencia do convenio.

6. O Consello Galego de Cámaras responsabilizarase da veracidade dos documentos que presente. Coa solicitude de pagamento deberá achegarse unha declaración responsable de que non existe ánimo de lucro e que os importes reclamados se circunscriben á compensación polos gastos nos que teña incorrido a respectiva Cámara de Comercio para a execución das tarefas obxecto do convenio. Esta declaración responsable expedirase pola Cámara de Comercio de xeito individual para cada un dos informes que se acheguen.

7. En todo caso, a Consellería de Economía e Industria, a través da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presente convenio, e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

8. O Consello Galego de Cámaras manterá a disposición da Consellería de Economía e Industria, ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como a Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación *in situ*, ben por medios propios ou mediante auditor externo. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 5 anos desde a finalización do prazo de vixencia do convenio.

9. Procederá a minoración das contribucións cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro deste convenio non acaden os importes dos gastos xustificables e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto.

Sexta.- Comisión de Seguimento.

Para facilitar a execución e desenvolvemento, así como o seguimento e cumprimento do presente convenio, constituirase unha comisión formada por dúas persoas representantes de cada parte asinante. Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio. Así mesmo, esta comisión supervisará a programación das actividades concretas ás que se refire o presente convenio, e avaliará e controlará as actividades realizadas.



A comisión reunirse en sesión constitutiva nun prazo non superior a un mes desde a sinatura deste convenio. Así mesmo, reunirse tantas veces como o soliciten as partes para analizar o grao de cumprimento dos obxectivos fixados, propor a resolución dos conflitos específicos que puidesen exporse e realizar calquera outra actuación de coordinación que se estime precisa.

A persoa que exerza a presidencia da Comisión, que será unha das persoas representantes da Consellería de Economía e Industria, terá voto dirimente.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, co capítulo I do título I (artigo 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sétima.- Seguridade da información.

O Consello Galego de Cámaras terá a consideración de encargado do tratamento en relación cos datos persoais aos que, no seu caso, teña acceso no desenvolvemento do convenio e comprométese ao cumprimento de todas as obrigas derivadas da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e do Regulamento 2016/679, Xeral de Protección de Datos.

Oitava.- Vixencia e causas de resolución.

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 30 de decembro de 2026.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- b) O acordo unánime de todas as entidades asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgunha das partes asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideren incumpridos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Introducción de modificacións substanciais sen que as mesmas sexan asumidas e propostas pola Comisión de Seguimento.

f) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, acordarán a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

Novena.- Modificación.

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. A dita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Décima.- Publicidade da subscrición do convenio.

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006 de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Consellería de Economía e Industria publicará no Diario Oficial de Galicia, no Portal de transparencia e Goberno aberto e na súa páxina web oficial o importe da prestación económica concedida ao abeiro deste convenio e a entidade destinataria desta, e incluírá igualmente a referida contribución e as sancións que como consecuencia deste puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión aos órganos competentes da Consellería de Economía e Industria.

O Consello Galego de Cámaras deberá subministrar toda a información necesaria para que a Consellería de Economía e Industria poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.

Undécima.- Propiedade intelectual.

A documentación xerada como consecuencia da colaboración no proxecto será propiedade conxunta do Consello Galego de Cámaras e a Consellería de Economía e Industria. Na medida en que a mesma sexa susceptible de protección mediante o réxime da propiedade

intelectual, seralles de aplicación o disposto no artigo 7 do Texto Refundido da Propiedade Intelectual, relativo á obra en colaboración.

A titularidade de todos os dereitos de propiedade intelectual inherentes á documentación elaborada, serán do Consello Galego de Cámaras e a Consellería de Economía e Industria por ámbito mundial e polo prazo de protección dos dereitos de propiedade intelectual, de acordo coa normativa nacional e comunitaria aplicable.

Duodécima.- Responsabilidade.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e a Consellería de Economía e Industria, de tal xeito que non se poderá esixir a esta responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do devandito convenio.

Décimo terceira.- Autorizacións.

O Consello Galego de Cámaras consente expresamente a inclusión dos datos relevantes e persoais deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Consellería de Economía e Industria, con sede no complexo administrativo de San Caetano s/n, 15704, Santiago de Compostela.

Este consentimento esténdese á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na lei.

Tamén comporta a autorización á Consellería de Economía e Industria para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

Décimo cuarta.- Natureza e normativa.

O presente convenio ten natureza administrativa, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014, de conformidade co seu artigo 6, e para calquera

cuestión litixiosa que se derive do mesmo, será de aplicación a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As partes comprométense a resolver de común acordo, ante a Comisión de Seguimento, calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio. En caso de conflito as partes acordan o sometemento á xurisdición contencioso-administrativa.

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, en todo o que non contradiga a primeira.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio na data indicada no pé de sinatura, tomándose como data de sinatura a do último asinante.

Pola Consellería de Economía e Industria Polo Consello Galego de Cámaras: